



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE



galicia

Éxito da primeira Final a Cuatro da historia na categoría Sénior Autonómica de Hockey sobre Patíns

O Club Compañía de María "A" proclamouse Campión Galego e xogará a Fase de Ascenso

Durante a tarde de onte sábado e ao longo de hoxe domingo disputouse no pavillón Castelao de Ordes (A Coruña) a Final a Cuatro da categoría Sénior Autonómica, cuxo equipo campión ía obter praza para a Fase de Ascenso a Primeira División Nacional, a cal se celebrará do 1 ao 3 de maio. E o desenvolvemento da competición resultou espectacular, cunhas bancadas repletas de afeccionados animando aos seus respectivos equipos, e resolvéndose ademais no derradeiro partido celebrado esta tarde entre Escola Lubiáns "A" -Calvo e Club Compañía de María "A.", con vitoria dos colexiais de A Coruña por 3 a 2 ante os de Carballo, o que lles outorgaba o título de campións ao finalizar invictos con tres triunfos nos tres partidos disputados.

A primeira xornada, que se disputou na tarde de onte, comezou coa axustada vitoria do equipo "A" de Club Compañía de María sobre o "B". No segundo encontro, Escola Lubiáns "A" -Calvo lograba sobrepoñerse a un mal inicio e dáballe a volta ao partido ante o HC Liceo.

Esta mañá, a derrota do HC Liceo ante o Club Compañía de María "A" deixáballe xa sen opcións mentres o equipo "B" de Club Compañía de María se impoñía a Escola Lubiáns "A" -Calvo, o que obrigaba a estes a vencer pola tarde, o que deixaría un triplo empate na cabeza.

Club Compañía de María "B" resolvía comodamente o seu enfrontamento co HC Liceo, polo que o partido entre o Club Compañía de María "A" e o Escola Lubiáns "A"-Calvo, os dous conxuntos que remataron a fase regular como primeiro e segundo respectivamente, ía ser unha auténtica final que finalizou co xa salientado triunfo dos colexiais e o pase á Fase de Ascenso.

Outra das novidades foi que o seguimento dos partidos se puido facer a través da páxina web da Federación Galega de Patinaxe en directo mediante a acta dixital, que por primeira vez se implantou nunha competición destas características e que tivo un seguimento masivo durante os dous días. Nesta ligazón podedes ver todos os partidos celebrados: www.fgpatinaje.com/final4/?view=resultados.

RESULTADOS

SÁBADO, 18 DE ABRIL

1ª Xornada

Club Compañía de María "A" 4 – 3 Club Compañía de María "B"

Escola Lubiáns "A"-Calvo 5 – 4 HC Liceo

DOMINGO, 19 DE ABRIL

2ª Xornada

Club Compañía de María "A" 6 – 4 HC Liceo

Escola Lubiáns "A"-Calvo 2 – 3 Club Compañía de María "B"

3ª Xornada

HC Liceo 2 – 10 Club Compañía de María "B"

Club Compañía de María "A" 3 – 2 Escola Lubiáns "A"-Calvo

CLASIFICACIÓN FINAL

		PX	PG	PE	PP	GF	GC	Pen	Ptos
1º	Club Compañía de María "A"	3	3	0	0	13	9		9
2º	Club Compañía de María "B"	3	2	0	1	16	8		6
3º	Escola Lubiáns "A"-Calvo	3	1	0	2	9	10		3
4º	H. C. Liceo	3	0	0	3	10	21		0